

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 26 de xaneiro de 2006 pola que se modifica a do 7 de xullo de 2005, pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados para as ensinanzas de educación infantil para o curso académico 2005-2006.*

Atendendo á resolución ditada no recurso de reposición presentado polo centro privado La Merced, de Sarria (Lugo), contra a orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 7 de xullo de 2005, pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados para as ensinanzas de educación infantil para o curso académico 2005-2006, esta consellería

#### DISPÓN:

Artigo único.-Modificación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 7 de xullo de 2005 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados para as ensinanzas de educación infantil para o curso académico 2005-2006.

O concerto educativo que figura para o centro privado La Merced, de Sarria (Lugo), no anexo I da citada Orde do 7 de xullo de 2005, queda modificado coa adición de unha unidade de educación infantil para alumnos de 3 anos, con efectos económico-administrativos do 1 de setembro de 2005.

Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, cabe recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Resolución do 10 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica nos ciclos formativos e nas prazas que se determinan.*

A Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres

para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia, indica, no artigo 4º, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará, polo menos unha vez ao ano, probas para a obtención do título de técnico e/ou de técnico superior de formación profesional específica, para os ciclos formativos e a prazas que se determinen, e nos centros que se autoricen para tal fin.

É por iso que, en virtude da autorización que lle confire a disposición derradeira primeira da devandita orde, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto convocar a celebración de probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica en determinados ciclos formativos, así como para a acreditación das unidades de competencia, para o ano 2006, de conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro), pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Prazas, ciclos formativos, módulos e centros.

Convócanse vinte e cinco prazas para cada un dos ciclos que se recollen no anexo I.

Neste anexo reflíctense os módulos pertencentes a cada ciclo, así como aqueles susceptibles de validación.

Os centros nos que se levarán a cabo estas probas son os relacionados no anexo II.

Terceiro.-Solicitudes de inscrición.

As solicitudes de inscrición presentaranse no centro docente en que se van realizar as probas de cada ciclo, sen prexuízo de poder acudir a calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, no período comprendido entre os días 1 e 20 de marzo de 2006, ambos os dous incluídos, segundo o modelo que se recolle no anexo III.

As persoas interesadas poderán inscribirse por módulos ou por ciclo formativo completo.

Cuarto.-Documentación.

Os aspirantes deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5.2º da Orde do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 22 de febreiro):

a) Para os aspirantes que acrediten dous anos de experiencia laboral como requisito de acceso:

-Fotocopia compulsada do DNI.